INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

XULGADO 1ª INSTANCIA Nº 5
DE A CORUÑA
22 ABR. 2025
ENTRADA

XULGADO 1ª INSTANCIA Nº 5 DE A CORUÑA
RÚA MONFORTE, S/N- 2ª PLANTA
15007 A CORUÑA

ENJ EJECUCIÓN TÍTULOS NO JUDICIALES 0000285/2016

ASUNTO: **comunicación información**
EXPEDIENTE: **VARIOS 77/25**

En relación ao oficio recibido o 10/04/2025, dun expediente administrativo de reclamación de cantidade que se instrúe contra Marcos Loureiro Corral, no que se comunica o embargo da finca 89300, na Coruña, achegamos novamente o informe emitido no seu momento por esta Área Provincial (informe VARIOS 03/25)

Documento asinado electrónicamente na Coruña.

Asinado por: TENREIRO BOUZA, MIGUEL
Cargo: Xefe de Negociado V
Data e hora: 14/04/2025 10:14:38

CVE: 0FfawNFn07Z1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
ÁREA PROVINCIAL DA CORUÑA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
Edif. Servizos Múltiples, 9ª planta
Vicente Ferrer, 2 15071 A Coruña
vpa.igvs.coruna@xunta.gal

XUNTA
DE GALICIA
Saída 8913 / RX 796568
Rexistro do Edificio Administrativo da Coruña
A CORUÑA
Data 15/04/2025 11:32:11

INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

XUNTA
DE GALICIA
Saída 3231 / RX 267205
Rexistro do Edificio Administrativo da Coruña
A CORUÑA
Data 11/02/2025 10:03:09

XULGADO PRIMEIRA INSTANCIA Nº4 ACORUÑA
RUA MONFORTE,S/N
1500A CORUÑA

ENJ EJECUCIÓN DE TITULOS NO JUDICIALES 0000285/20161-SEC J

ASUNTO: **Comunicación de información**
EXPEDIENTE: **Varios 03/25**

En relación co oficio, de data 13/01/2025, requirindo un informe sobre a afección dunha vivenda sita en Valle de Mesoiro. Rúa catro, portal, 1-7ºC , no concello da Coruña, resulta o seguinte:

1. A vivenda foi cualificada definitivamente o día 02/02/2006 como vivenda de protección oficial de promoción privada baixo o expediente de promoción 15-J-0052/03.

2. A normativa aplicable á devandita vivenda ven contida na Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia así como no Real Decreto 1/2002, de 11 de enero, sobre medidas de financiación de actuacións protexidas en materia de vivenda e solo do Plan 2002/2005 e no Decreto 199/2002, de 6 de xuño, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O Decreto 199/2002, do 6 de xuño, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real Decreto 1/2002, de 11 de xaneiro, sobre medidas de financiación de actuacións protexidas en materia de vivenda e solo do Plan 2002/2005, no seu artigo 19 establece que **o réxime legal das vivendas de protección autonómica farase extensivo ó período de amortización do préstamo** inicialmente fixado na declaración provisional e, *en todo caso, terá unha* ***duración mínima de quince anos.***

4. O Real Decreto 1/2002, do 11 de xaneiro, sobre medidas de financiación de actuacións protexidas en materia de vivenda e solo do plan 2002/2005, establece no seu artigo 15 letra B que os préstamos cualificados para a adquisición de vivendas suxeitas aos distintos rexímenes de protección terán **un prazo de amortización de vinte anos**. Cómpre inferir do aquí exposto que en caso de non ter formalizado o adquirente préstamo cualificado o período de protección das vivendas declaradas protexidas é de 15 anos, que se contarían dende a data de cualificación definitiva. **No caso de que se formalizara préstamo cualificado o *período de protección das vivendas declaradas protexidas abrangue dende a data de formalización* ata a *total amortización do mesmo*, cun mínimo de 15 anos e *un máximo de 20 anos* para venda, uso propio, adquisición ou adxudicación.** No caso de que o préstamo se amortizara anticipadamente se extinguiría a protección respectando o prazo mínimo de 15 anos a contar dende a cualificación definitiva, prazo que coincide co que establece o artigo 10.4 do Real Decreto 1/2002, que indica que as vivendas suxeitas a rexímenes de protección que se acollan ás medidas de financiación establecidas no mesmo non poderán ser obxecto de descualificación voluntaria a petición dos propietarios ata transcorridos quince anos contado desde a cualificación definitiva.

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
ÁREA PROVINCIAL DA CORUÑA
CONSELLERIA DE VIVIENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS
Edif. Servizos Múltiples, 9ª planta
Vicente Ferrer, 2 15071 A Coruña
vpa.igvs.coruna@xunta.gal

CVE: iOvlsBPOVwr7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

5. O artigo 5 do Real Decreto 1/2002, do 11 de xaneiro, establece que os préstamos cualificados serán concedidos por entidades de crédito que subscribiran co Ministerio de Fomento os convenios ós que se refire o artigo 44 desde Real Decreto.

6. Ao abeiro da normativa anteriormente referenciada e demais normativa que a desenvolve, as limitacións establecidas para a transmisión inter vivos de vivenda son:

- ✔ Non exceder os ingresos familiares anuais 5,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples.
- ✔ Non ser titulares do pleno dominio ou dun dereito real de uso ou de desfrute sobre outra vivenda suxeita a réxime de protección pública.
- ✔ Residir na Comunidade Autónoma Galicia.
- ✔ Respectar os prezos máximos de venda da vivenda xunto cos seus anexos vinculados:

Prezo máximo da vivenda:	130.500,00 €
Prezo máximo do garaxe vinculado:	21.750,00 €
Prezo máximo do rocho vinculado	6.960,00 €
Prezo máximo total da vivenda e dos seus anexos:	159.210,00 €

7. Tendo transcorrido no dia da emisión deste informe 15 anos desde a data de cualificación definitiva, o carácter de protexida da vivenda xunto cos seus anexos vinculados ven dado pola circunstancia da existencia ou non no momento actual de préstamo cualificado.

Documento asinado electrónicamente na Coruña.

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
ÁREA PROVINCIAL DA CORUÑA
CONSELLERIA DE VIVIENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS
Edif. Servizos Múltiples, 9ª planta
Vicente Ferrer, 2 15071 A Coruña
vpa.igvs.coruna@xunta.gal

Asinado por: EIRÍS PUÑAL, LUIS GUILLERMO
Cargo: Xefe da Área Provincial do IGVS
Data e hora: 10/02/2025 14:03:09

Asinado por: ORTEGA BARREIRO, PAULA MARIA
Cargo: Xefa de Sección de Subvencións e Tramitacións
Data e hora: 10/02/2025 10:20:04

CVE: lOvIsBPOVwr7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve